

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 05 DE OUTUBRO DE 2007.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E CUARENTA MINUTOS** do día **SETE DE SETEMBRO DE DOUS MIL SEETE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, réunese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **D^o DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ e D^a OFELIA REY RECIMIL** e os concelleiros **D^o JAVIER CUIÑA MACEIRA e D^a MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO** e da Interventora municipal **DONA ANA M^a LOUREIRO SILVA**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2º.- CONTRATACIÓN.-

3º.- SUBVENCÍONS.-

4º.- URBANISMO.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

1.1.- Escrito do Centro Provincial de Asesoramiento Municipal (CPAM) da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 4418, de data 01 de outubro de 2007, remitindo resolución da presidencia nomeando representantes de deputación provincial para formar parte do Tribunal cualificador da oposición libre para proveer de dous bombeiros-conductor ó Servizo Contra Incendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda dar traslado deste escrito ó Servizo Contra Incendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

1.2.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 4504, de data 04 de outubro de 2007, polo que se concede, a D^o Benito Muras Míguez e Manuel Muras Míguez, un caudal de auga de 0,13 l/seg procedente dun (1) manacial situado no lugar de Barro, parroquia de Siador

(Silleda), con destino a usos domésticos, gandeiros e rega (Clave A36.11871).

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

1.3.- Escrito de D. Eusebio Manuel Barbosa Merino e D^a Ana M^a Rey Radío, Rexistro de Entrada 4290, de data 25 de setembro de 2.007, solicitando a súa inscrición como unión de feito no Rexistro Municipal de Unións de Convivencia Estable do Concello de Silleda.

Vista a documentación presentada polos solicitantes, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda requirir os mesmos para que presenten, cada un deles, Certificación de nacemento expedida polo Rexistro Civil correspondente, e certificación do Rexistro Civil acreditativa do estado civil e, de ser o caso, de ruptura do vínculo matrimonial, no prazo de dez días, contados a partir da recepción desta notificación, segundo o artigo 71 da Lei 30/92

1.4.- Escrito de D^o Martiño-Fiz López Lindoso, en representación da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), Rexistro de Entrada n^o 4452, de data 02 de outubro de 2007, solicitando a paralización cautelar das obras de construción do parque eólico do Couto de San Sebastián, situado entre os concellos da Estrada e Silleda, co obxecto de que se respeten as modificacións do proxecto tal e como veñen especificadas na modificación aprobada pola Consellería de Industria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á oficina técnica municipal para que emitan informe sobre a situación, ós efectos de adoptar as medidas oportunas.

2º.- CONTRATACIÓN.-

2.1.- MEJORAS DE LAS BIBLIOTECAS, LOCALES SOCIALES Y OTROS SERVICIOS. PAM 2006/08

Dase conta pola Sra. Alcaldesa, da certificación n^o 3, de data 10 de setembro de 2.007 e con rexistro de entrada número 4654, por importe de 35.622,20 □□□, correspondente á obra “Mejoras de las bibliotecas, locales sociales y otros servicios” englobada no Plan de Acción Municipal 2.006/08.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación N^o 3 da obra “Mejoras de las bibliotecas, locales sociales y otros servicios” polo importe de 35.622,20 □□□, asinada por D. José Pereiras Sánchez, Técnico Director das Obras.

2º.- Aprobar a factura correspondentes a esta certificación e que se describen a continuación:

Fecha Factura	Nº Factura	Proveedor	Importe □□□
---------------	------------	-----------	-------------

10092007	51/2007	F. Pena Caramés	35.622,20 □□□
----------	---------	-----------------	---------------

2.2.- Visto que, pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 24 de agosto de 2.007, acordouse iniciar o expediente de contratación dunha póliza de seguros, dada a necesidade e conveniencia de cubrir os riscos derivados da actividade municipal deste Concello, accidentes do persoal dependente do mesmo e danos de bens de propiedaed municipal.

En base ós artigos 56 de 121 do TRLCAP, que permiten calificar o presente como contrato menor, a Xunta de Goberno Local, visto o informe da secretaria da corporación, de data 4 de outubro de 2007, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar, de conformidade co disposto nos artigos 56 e 201 do TRLCAP, a MAPFRE SEGUROS GENERALS., o contrato menor de Seguro de Responsabilidad Civil do Concello de Silleda”

Segundo.- Establecer como precio do contrato a cantidade de 9.567,00 □□□, IVE incluído.

Terceiro.- Fixar a duración do contrato nun prazo de un ano, a contar dende a data de formalización do contrato.

Cuarto.- Formalizar este contrato en documento administrativo, de conformidade co previsto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Quinto.- Notificar este acordo á Intervención Municipal e ó adxudicatario.

Séxto.- Facultar á Sra. Alcaldesa, na amplitude precisa, para a sinatura do contrato en documento administrativo, que poderá ser elevado a escritura pública se así o solicita o adxudicatario, sendo o seu custo os gastos derivados do seu otorgamento.

2.3.- Dada a necesidade de proceder á realización da auditoría das contas do Concello de Silleda, en colaboración coa Intervención Municipal, compresivas do balance, conta do resultado económico-patrimonial, estado de liquidación do presuposto e memoria, emitindo , unha vez finalizada a auditoría, informe económico-financieiro relativo ó análise e diagnóstico da situación económica do Concello, á débeda existente, negociación da mesma, plans de saneamento, cumprimento do principio de estabilidade presupostaria, etc...

En base ós artigos 56 de 121 do TRLCAP, que permiten calificar o presente como contrato menor, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar, de conformidade co disposto nos artigos 56 e 201 do TRLCAP, a Quality Management Auditores S.L., o contrato menor de servizo de “Traballos de auditoría financeira do Concello de Silleda”

Segundo.- Establecer como precio do contrato a cantidade de 12.00,00 □□□, IVE incluído.

Terceiro.- Fixar a duración do contrato nun prazo de catro meses, a contar dende a data de formalización do contrato.

Cuarto.- Formalizar este contrato en documento administrativo, de conformidade co previsto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Quinto.- Notificar este acordo á Intervención Municipal e ó adxudicatario.

Séxto.- Facultar á Sra. Alcaldesa, na amplitude precisa, para a sinatura do contrato en documento administrativo, que poderá ser elevado a escritura pública se así o solicita o adxudicatario, sendo o seu custo os gastos derivados do seu otorgamento.

2.4.- Inicio do Expediente de contratación dunha Consultaría e Asistencia Xurídica

Dase conta da necesidade de proceder a iniciar expediente de contratación dunha consultoría e asistencia xurídica, cun orzamento máximo de 27.840,00 €€, IVA incluído.

Considerando que a adopción deste acordo é competencia da Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación efectuada mediante acordo plenario de 06 de xullo de 2.007.

En virtude de todo o exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, ACORDA:

PRIMEIRO. Iniciar os trámites para incoar un procedemento negociado sin publicidade que se xustifica pola determinación e concreción do obxecto de suministro de contratación.

SEGUNDO. Que pola Secretaria se emita informe sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

TERCERO. Que se proceda á elaboración do Prego que haberá de rexir a adxudicación do contrato, e se continúe cos trámites legais previstos.

CUARTO. Que por parte do Interventor se emita informe no que deberá constar o importe dos recursos ordinarios do Presuposto en vigor e a porcentaxe de estos que supón o valor do ben en relación co total do importe do Presuposto en vigor.

2.5.- Dase conta do proxecto confeccionado polo Arquitecto Dº Miguel del Río García, de data outubro de 2007, denominado “Proxecto de Execución da 1ª Fase do Proxecto Básico de Reforma e Ampliación da Casa da Cultura de Bandeira”, ascendendo o seu orzamento, IVA incluído, a cantidade de 120.000,00 €€€

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación a este proxecto e, unha vez sexa remitida pola Consellería de Cultura resolución de aprobación de subvención para execución desta obra, proceder a tramitación da contratación da mesma.

3º.- SUBVENCIONS.-

3.1.- Escrito da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 4503, de data 04 de outubro de 2007, remitindo notificación de resolución do expediente MA407A-2007-97 sobre solicitude de axuda ó abeiro da Orde do 14 de maio de 2007, pola que se establecen axudas para a realización de actividades de educación para a sustentabilidade, resolvéndose favorablemente a a solicitude de subvención nos seguintes termos:

Concepto do Investimento	Investimento		AXUDA	
	solicitado	a xustificar	%	IMPORTE
Medio Ambiente S.O.S. Tido, Medio Ambiente Divertido	9880	9880	70	6916

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.2.- Dase conta do escrito da Delegación Provincial de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, recibido en data 1 de outubro de 2.007, con número de rexistro 4413, polo que se remite resolución dictada polo Delegado Provincial en data 21 de setembro de 2.007, pola que se concede ó Concello de Silleda unha subvención por importe de oit omil douscentos trinta e seis euros con cincuenta céntimos (8.236,50 €), cofinanciada polo Servizo Galego de Igualdade e polo Fondo Social Europeo, para o desenvolvemento do curso denominado “Atención á infancia”, ó abeiro da resolución do 18 de abril de 2.007, do Servizo Galego de Igualdade, para o desenvolvemento de programas destinados á formación da muller.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade de votos a favor, acorda aceptar a sinalada subvención.

3.3.- Dase conta da Orde da Consellería de Traballo do 31 de xaneiro de 2007 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2007, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria.

Visto que o seu apartado I, letra B.1.a), establece, entre a documentación específica a remitir, a necesidade de aprobación da solicitude de subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Aprobar a solicitude de subvención realizada polo Concello de Silleda ó abeiro da Orde da Consellería de Traballo do 31 de xaneiro de 2007 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2007, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través

dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria

4º.- URBANISMO.-

4.1.- Actividades Clasificadas:

4.1.2.- Examinado o expediente promovido por PERFIS 2000 SERVICIOS S.L., en virtude de instancia nº 3705 de data 14 de agosto de 2007, solicitando Licencia de actividade correspondente a apertura de local para dedicalo a despacho profesional (particular), situado na rúa Camilo José Cela, nº 2-1ºB, Bandeira (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Industrial Dº José Domingo Abeledo Carral, visado polo Colexio Oficial en data 13 de agosto de 2007 (Ref. 414707), actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 02 de outubro de 2007.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, sua posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e sua adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 3705/07 instada por PERFIS 2000 SERVICIOS S.L., para apertura de local para dedicalo a despacho profesional (particular)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental) para

que emitan informe previo á concesión da correspondente licencia.

4.2.- Licencias de segregación/agregación.

4.2.1.- Corrección de erros.

Visto o escrito presentado por D^a M^a Josefa Pérez Guerreiro, Rexistro de Entrada n^o 4055, de data 10 de setembro de 2007, indicando que se advirten erros na medición da licencia de segregación otorgada por esta Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de agosto de 2007, para segregar en dúas partes o baixo do edificio situado na rúa Venezuela n^o 11 de Silleda (Silleda).

Visto o acordo adoptado ó respecto pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de 21 de setembro de 2.007.

Visto o informe do asesor técnico municipal, de data 2 de outubro de 2007, no que se sinala:

1º.- En data 30-xullo-2007, por parte do técnico que suscribe, emítase informe en relación coa segregación en dúas partes do baixo do edificio situado na rúa Venezuela, n^o 11 (Silleda).

2º.- Debido a un erro na medición do baixo A do edificio e debido a que non se considerou a zona do solar sin construír, é polo que agora se solicita unha rectificación dos datos que figuraban na licencia de segregación (concedida por acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello en data 3-agosto-2007).

3º.- En data 17 de setembro de 2.007, por parte do técnico que suscribe, emítase informe en relación coa corrección de erros manifestada no punto 2º deste informe técnico.

4º.- Debido a un novo erro na medición do baixo, é polo que se solicita unha nova rectificación dos datos que figuraban na licencia de segregación (concedida por acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello en data 21 de setembro de 2.007)

5º.- O solo do solar no que está ubicado o edificio no que está o baixo e a zona da finca sin construír que se pretende segregar, según o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, presenta as seguintes condicións urbanísticas:

- Clasificación do Solo: SOLO URBANO*
- Calificación do Solo: RESIDENCIAL*
- Ordenanza/Norma de aplicación: Sección 1ª-Ordenanza Edificación Cerrada (EC)*

6º.- Según onovo proxecto técnico aportado o baixo do edificio e a zona do solar sin construír que se pretende segregar ten unha superficie en planta de 260,00 m² (dos que 140 m² está edificados e 120 m² están sin edificar).

7º.- *Preténdese segregar en dúas partes dito baixo do edificio así como a zona sin edificar do solar, que quedaría do seguinte xeito:*

- *Baixo A: Cunha extensión superficial de 212,40 m² (120 m² forman parte da zona do solar son edificar e 92,40 m² forman parte do baixo do edificio). A fachada á rúa Venezuela mide 4,12 m.*

- *Baixo B: Cunha extensión superficial de 47,60 m². A fachada á rúa Venezuela mide 2,90 m.”*

Visto o artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (“as Administracións públicas podrán asimesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”).

Dado que o erro é aritmético e que é patente e claro, sen acudir a interpretación de normas xurídicas aplicables.

A Xunta de goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Rectificar o erro posto de manifesto no acordo da xunta de goberno local do 21 de setembro de 2.007., no seu apartado 5.2.1 de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 105 da Lei de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común nos termos manifestados no informe técnico de data 2 de outubro de 2.007 antes transcrito.

4.3.- Visto que por decreto de alcaldía de data 18 de setembro de 2.007 resolveuse incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade, respecto das actuacións ilegais de movemento de terras a modo de explanación do terreo e a excavación dunha zanja, de profundidade variable comprendida entre 0,5 m e 1,5 m para cimentación dunha edificación, sendo a superficie da futura edificación de 50 m² (10m x 5m), así como excavación dun pozo destinado á captación de auga, de forma cuadrada, de 1,5 m de lado aprox. e de 6 m de profundidade, que se están realizando por D^a Orlando Jorge Trinidad dos Santos, na finca situada na casa nº 4 do lugar de A Pena (Saidres), desta localidade, conforme se establece no artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección del Medio Rural.

Visto que no citado decreto se concedía ó interesado un prazo de 10 días hábiles para examinar o expediente e presentar as alegacións que teñan por conveniente e que transcorrido o devandito prazo non se presentaron alegacións, tal e como sinala o certificado de secretaría de data 4 de outubro de 2.007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Que por parte da Secretaría se emita informe en relación co procedemento a seguir e a lexislación aplicable par a reposición de la legalidad, unha vez comprobado que as actuacións se están levando a cabo sin a oportuna licencia urbanística.

2.- Que polos Servicios Técnicos Municipais se emita informe sobre os actos que se están executando sen licencia e sobre a compatibilidade dos mesmos co planeamento urbanístico.

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e dez minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,